

PRIMEIRO E SEGUNDO DE PRIMARIA



Ed. Oqueleo

“A tartaruga Amodovou”

Amodovou é una tartaruga. Cada tartaruga, coma cada persoa, ten o seu propio ritmo. Cando aprendeu a camiñar, Amodovou soubo que quería percorrer o mundo para sentir a súa música.

“Unha fábrica de bicos”

A Mindi non lle gustan os bicos. Nin sequera un pouco, a pesar de recibilos. Esa pode ser a razón de que non os dea. Quizais si ou quizais non. Pódese aprender a dar bicos?



Ed. Xerais



Duomo Ediciones

“Mi camita”

Este libro narra as experiencias dunha nena pequena e a súa camiña. Ao longo das páxinas imos vendo a complicidade entre a nena e a súa cama, como aman a lectura e como están a gusto xuntas.

“Gracias Renata por ser tan chivata”

Renata é unha chivata porque conta o que sucede. O malo non é o que delata senón o que agrade a outras persoas. Ser chivata é un insulto? En que momento?



Ed. Cuatrotrucas

TERCEIRO E CUARTO DE PRIMARIA



Ed. Xerais

“O meu gato é un poeta”


“O meu gato é un poeta” é un libro que pretende transmitir a poesía dun xeito lúdico, divertido e, sobre todo, accesible para os lectores e lectoras. Está ideado coma se fose un xogo ou un obradoiro.

“Cámbiache o conto!”

Pinto&Chinto ofrécennos a súa peculiar versión dos contos clásicos de autores como Andersen, Perrault ou os irmáns Grimm e danlle una reviravolta á súa maneira, poñéndonos un sorriso nos beizos.




Ed. Xerais



Ed. SM

“El club de los raros”

Hugo é tatexo e Bernardo, disléxico. O matón da clase failles a vida imposible porque pensa que son raros. Por eso os dous amigos deciden fundar un club, donde sentirse menos sós e máis seguros.



Ed. Montena

QUINTO E SEXTO DE PRIMARIA




Ed. Xerais

“O que ven os ollos dos nenos”


Libro escrito con prosa moi coidada e de grande beleza. “O que ven os ollos dos nenos” é un berro pola cultura da paz e da tenrura sen límites.

“Radio Bulebule” (libro disco)

Unha ducia de cancións divertidas, pegadizas e inspiradas nas ondas herztianas conforman a grella de programación dunha emisora comunitaria onde “o falar non ten cancelas”.



Ed. Kalandraka




Ed. Granica

“¿Quién quieres ser?”

É un libro sincero, sentido e inspirador para persoas con inquietude de todas as idades. A mensaxe revela que o importante non é o que se fai na vida senón o que se é.


“Cómo arreglar un libro mojado”

Victor, un neno que fai pis no parque e acaba estropeando un curioso libro de tapas color mostaza. Lévalo á casa, lávao e descubre que non é un libro senón un diario.



Ed. SM

EDUCACIÓN INFANTIL



Ed. Kalandraka

“A casa da Mosca Chosca”


Conto popular ruso. Na casa da mosca hai una torta de amoras, sete pratos, sete banquetas, sete animais a punto de merendar. Xa non cabe ninguén máis...pero alguén peta na porta.

“A montaña de libros máis alta do mundo”

Lucas quería voar e intentaba facer ás de todo tipo. Mais nada parecía funcionar. Un día, a súa nai explicoulle que había outros xeitos de voar e púxolle un libro nas mans. Ese mesmo día, Lucas, sen decatarse, comezou a voar.



Algar Editorial




Ed. Nubeocho

“Daniela pirata”

A Daniela, por ser chica, non se lle permite ser pirata no barco “Caimán Negro”. Pero... ela conségue e ata chega a ser a capitana.


“El pez Arcoiris”

Arcoiris é o peixe máis bonito do océano. Pero, a pesar disto, síntese moi só. Por que os demais peixes non queren xogar con el? Un libro que nos ensina a importancia de saber compartir.



Ed. Beascoa

FAMILIAS



Ed. Galaxia

“Os bicos feridos”

Ninguén fai unha carreira para limpar inodoros. Olivia, despois dun expediente brillante ten que marchar de Compostela e instalarse en Londres onde atopa traballo de *au pair*...

“O último barco”

A filla do doutor Andrade vive nunha casa pintada de azul, nun lugar onde as praias de ondas mansas contrastan co bulir da outra beira.



Ed. Galaxia




Plataforma Editorial

“Educar en el asombro”

“Educar en el asombro” consiste en respetar a liberdade interior, contando co neno no proceso educativo: respetar os seus ritmos, fomentar o silencio, o xogo libre...

“Cómo hablar para que sus hijos escuchen y cómo escuchar para que sus hijos le hablen”

As autoras cun enfoque práctico e respectuoso, conseguen que as relacións cos rapaces sexan menos estresantes e máis gratificantes.



Plataforma Editorial

GUÍA DE LECTURA DE VERÁN 2020

C.E.I.P. de Carnota



CARNOSÁNS,
a disfrutar este verán
cun libro na man.

FELIZ VERÁN!!

Bibliotecas
escolares
de Galicia

